

XI CONCURSO DE SOLISTAS CSM DE VIGO 2025



CSMV

CONSERVATORIO SUPERIOR
DE MÚSICA DE VIGO

patrocinado por:





XI CONCURSO DE SOLISTAS DO CSMV

CURSO 2024/2025

O Conservatorio Superior de Música de Vigo (CSMV) convoca o *XI Concurso de Solistas*, que se desenvolverá no curso académico 2024/2025. O obxecto do concurso é o de estimular e recoñecer a excelencia interpretativa en calquera das especialidades impartidas no centro. Rexerase polas seguintes bases.

BASES DO CONCURSO

Participantes e inscrición

1. Poderá tomar parte no concurso o alumnado matriculado no CSMV en calquera das especialidades e itinerarios, e en calquera curso.
2. Para participar, unicamente é preciso cubrir o formulario online que se achega neste documento e achegar información requirida.
3. O prazo para inscribirse será o comprendido entre o **12 e o 28 de maio de 2025**, ámbolos dous incluídos, a través do seguinte formulario: <https://forms.gle/Mh6vgHwo4RXxe8nNA>
4. O concurso constará de dúas fases:
 - 4.1. Fase eliminatoria, na que se concursará por medio dunha gravación de vídeo cunha duración mínima de 8 minutos.

Os concursantes facilitarán o enlace o seu vídeo no formulario de inscrición e este estará aloxado nunha plataforma de vídeo (Youtube, Vimeo, Dailymotion, Google Drive, Google Video ou similar) facilitando, no caso de ser necesario, os permisos para a súa reprodución por parte do xurado.

Poderán interpretarse varias obras ou movementos, indicando no formulario de inscrición o título e o autor ou autora da obra ou obras.

As/os concursantes deberán facer a gravación nunha única toma, incluso no caso de que a interpretación conteña varias obras ou movementos.
 - 4.2. Fase final, na que cada concursante deberá preparar unha audición de duración mínima de 10 minutos. Poderán propoñerse varias obras ou movementos, indicando no formulario de inscrición o título e o autor ou autora da obra ou obras e a duración de cada obra ou movemento.
5. No caso de precisar acompañamento pianístico ou de calquera outro tipo, é competencia d@ concursante xestionar esta necesidade, non estando o centro obrigado a achegar este recurso. O profesorado do centro unicamente poderá participar en calidade de pianista acompañante, no seu caso.

Fases do concurso

6. O director do CSMV nomeará un xurado formado, como mínimo, por 3 docentes pertencentes ao seu claustro. O mesmo director determinará tamén o profesor que deberá exercer a presidencia. Contéplase, non obstante, a posibilidade de que un dos membros de dito xurado sexa un antigo profesor do CSMV que chegara á súa xubilación sendo docente do mesmo. O xurado terá como competencias:
 - a. Aprobar e publicar as listas de admitid@s.
 - b. Deliberar e decidir o listado de finalistas.
 - c. Realizar a convocatoria e chamamentos dos concursantes para a fase final.
 - d. Deliberar e outorgar os premios convocados



- e. Resolver calquera incidencia relativa ao concurso desde o momento da súa constitución ao da súa disolución (en coordinación cos órganos responsables do centro), así como interpretar o contido destas bases cando houbese lugar.
- 7. O día 29 de maio publicarase no taboleiro oficial habilitado ao efecto, a listaxe de admitid@s ao concurso. No caso de existir reclamacións a estas listas, deberán interpoñerse no prazo de 24 horas unha vez realizada a publicación antedita, mediante instancia rexistrada nas oficinas do centro e dirixida á presidencia do xurado. Despois de resolvero que proceda o 30 de maio publicaranse as listas definitivas.
- 8. O día 2 de xuño o tribunal publicará no taboleiro oficial habilitado ao efecto, a listaxe de finalistas con indicación da obra que deberán interpretar (no caso de que se tivese proposto pol@s concursante máis de unha) así como a orde de actuación d@s mesm@s.
- 9. A fase final do concurso terá lugar o mércores, **4 de xuño de 2025**, no Auditorio Martín Códax do CSMV, segundo o horario e orde de actuación que se teña publicado polo xurado.
- 10. Na fase final o xurado poderá interromper a audición d@ concursante antes do remate da obra, se o considera oportuno.

Premios

- 11. O xurado poderá outorgar un 1º, 2º e 3º premios, así como ata dúas mencións de honra, no caso de que así o estimase, á vista do nivel d@s concursantes presentad@s. Igualmente poderá declarar desertos os premios que considere.
- 12. Para @ 1º premiad@, o premio consistirá en:
 - a. Realización dun concerto como solista con algunha das agrupacións (orquestras) do CSMV. O momento desta realización así como o repertorio a interpretar, serán acordados entre @ solista e a/s persoa/s responsable/s da dirección da agrupación coa que vai actuar.
 - b. Bono de compra por valor de 200 € ; a compra realizarase na web <http://www.dosacordes.es/web/tienda> no prazo que se indique.
 - c. Diploma acreditativo.

Para @ 2º e 3º premiad@.

- a. Bono de compra por valor de 150€ para 2º premiado e 100 € para o 3º premiado; a compra realizarase na web <http://www.dosacordes.es/web/tienda> no prazo que se indique.
- b. Diploma acreditativo.

Para as mencións de honra: Diploma acreditativo

- 13. Os premios entregaranse no Acto de Graduación e Clausura do Curso Académico 2024/2025.

Base xeral

- 14. A participación no concurso implica a aceptación completa destas bases.